



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA
ECONÓMICA A CONCELLOS
SECCIÓN I

ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS

Base 63 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2016

GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL MAREA ATLÁNTICA:

1. [Resolución da Presidencia núm. 3.050/2016, con data do 05/02/2016 de libramento de fondos pola asignación provincial ao Grupo Político.](#)

Primeira e única xustificación:

1. [Documentación xustificativa de gastos e pagamentos efectuados entre o 19/02/2016 e o 21/12/2016.](#)
2. [Informe da Intervención Provincial.](#)
3. [Resolución da Presidencia núm. 32.633/2016, con data do 29/12/2016, que aproba a primeira e única xustificación da asignación para o exercicio 2016.](#)



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Presidencia

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PAGO DA ASIGNACION TRIMESTRAL AO GRUPO POLITICO PROVINCIAL DE MAREA ATLANTICA

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

I) ANTECEDENTES

No Boletín oficial da provincia número 250 do 31 de decembro de 2015 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2016 e bases para a súa execución.

II) DISPOSICIÓNS LEGAIS

A número 63 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento do previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local e fixa para este grupo político provincial un importe trimestral de catro mil trescentos cincuenta euros (4.350 euros).

Este grupo político dispón dun número de identificación fiscal coa denominación de Grupo provincial de Marea Atlántica e ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo o devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario dabondo na aplicación 2016/0000/912.02/480 para atender ese gasto.

RESOLVO:

- 1) Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 2016/0000/912.02/480 e aprobar o pago da asignación correspondente ao primeiro trimestre do 2016 por un importe de catro mil trescentos cincuenta euros (4.350 euros) a prol do Grupo provincial de Marea Atlántica (NIF número V70462486) e ingresalo na súa conta da entidade financeira Caixa Rural Galega número ES41 3070 0044 5061 5488 9726
- 2) Este Grupo político terá de comunicar a esta Deputación o nome do membro do grupo responsable da contabilidade do grupo, de facer as retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos conseguidos
- 3) O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base número 63.
- 4) Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gastos haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle deu aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”
- 5) O pago da asignación terá a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Presidencia

esixirán a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro do primeiros dez días do mes de decembro de cada exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data

- 6) A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas no número 63 das bases de execución
- 7) Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente
- 8) Admitiranse como xustificantes válidos os pagos feitos dende o pasado 25 de novembro, que é a data de publicación no BOP do expediente de modificación de créditos número 4/2015 e da modificación das bases de execución do orzamento para o 2015
- 9) A documentación xustificativa dos pagos aos grupos e a súa tramitación publicarase no Portal da transparencia da Deputación co contido permitido pola lexislación vixente
- 10) Notificar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

DIPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA	
Registro de INTERVENCIÓN	
N.º 39.225	
ENTRADA	SALIDA
22 DIC. 2016	



DIPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA	
Registro de INTERVENCIÓN	
N.º	
ENTRADA	SALIDA

Ao ilmo sr Don Valentín González Formoso, Presidente da EXCMA Deputación Provincial da Coruña.

Ao Servizo de Intervención Xeral da EXCMA Deputación Provincial da Coruña.

Pola presente, eu, Don Daniel Díaz Grandío, en calidade de portavoz do Grupo Provincial de Marea Atlántica.

EXPOÑO:

- Que a Base 63º do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña de título 'Asignación aos grupos políticos provinciais' obriga á xustificación anual dos movementos feitos en base a dita asignación.
- Que o Grupo Provincial da Marea Atlántica fixo os seguintes movementos, e aporta as respectivas facturas e xustificantes bancarios.
- Que entre o 12 de Decemebro e a data presente realizou os movementos que seguen.

SOLICITA:

- Dita documentación sexa tida en conta.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
REGISTRO XERAL
21 DEC 2016
ENTRADA n.º 50.384
DECRETO pase a

MAREA ATLÁNTICA
Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo Provincial da Marea Atlántica
A 21 de Decembro de 2.016.

IBAN:

ES41 3070 0044 5061 5488 9726 | Cuenta Corriente | Euro

Movimientos

Data execução	Data Valor	Descrição	Montante	Saldo
'21-12-2016'	'21-12-2016'	TRF. GRAFICAS MERA SL	-1.276,85 ✕	950,13
'13-12-2016'	'13-12-2016'	RCBO.R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA	-30,00 ✕	2.226,98
'12-12-2016'	'12-12-2016'	RCBO.QPRO TECNOLOGIA INFORMATICA, S.L.	-57,48 ✕	2.256,98
'09-12-2016'	'09-12-2016'	TRF. GRAFICAS MERA SL	-1.276,85 ✕	2.314,46
'11-11-2016'	'11-11-2016'	RCBO.R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA	-30,30 ✕	3.591,31
'19-10-2016'	'19-10-2016'	AEAT MODELO 111 IRPF RETENCIONES	-87,00 ✕	3.621,61
'14-10-2016'	'14-10-2016'	RCBO.R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA	-27,21 ✕	3.708,61
'21-09-2016'	'21-09-2016'	TRF. MARIA TAREIXA LEDO REGAL	-493,30 ✕	3.735,82
'09-09-2016'	'09-09-2016'	TRF. DANIEL DIAZ GRANDIO	-92,85 ✕	4.229,12
'05-07-2016'	'05-07-2016'	TRF. SELLOS DE CAUCHO TINO Y MARY	-28,03 ✕	4.321,97
'19-02-2016'	'19-02-2016'	TRF. DIPUTACION DE LA CORUNA	4.350,00	4.350,00



Polígono Agrela - c/ Gambrinus, 101 O.B.
15008 LA CORUÑA
[T] 981 27 11 26 - 981 16 00 64
[F] 981 27 30 14
administracion@graficasmera.com
www.graficasmera.com

430462486

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA

JUAN CASTRO MOSQUERA, 26 PLANTA 1 PUERTA D
15005 A CORUÑA
A CORUÑA

FACTURA Nº	FECHA	C.I.F. / N.I.F.	Nº ALBARÁN		
O / 162928	20/12/2016	V70462486			
ALBARÁN Nº	DESCRIPCIÓN	CANTIDAD	P. UNIT.	IMPORTE	
	IMPRESION DE BOLETINS	15.000	0,070	1.055,00	

Forma de pago: TRANSFERENCIA

Cuenta: ES29 0238 8115 8105 0008 4451

Vencimientos: 20/12/2016

1.276,55 €

B. IMPONIBLE	I.V.A. %	CUOTA
1.055,00 €	21	221,55 €

TOTAL FACTURA

1.276,55 €



Data: 21-12-2016 Hora: 11:19:54

Dados da Ordem

Data execução	21-12-2016
Tipo Operação	Transferência
Conta Débito	xxxx.xxxx.xx.xxxxxx9726
Ordenante	GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANT
Gastos	Gastos Compartidos
Montante Nominal	1.276,55
Por conta de	--
IBAN	ES2902388115810500084451
Código BIC	PSTRESMMXXX
Entidade Beneficiária	BANCO PASTOR, S.A.
Sucursal Beneficiária	A CORU A URB 4
Beneficiário	GRAFICAS MERA SL
Conceito	FACTURA O/162928

Dados da Operação

COMUN_Literal_Esta PROCESSADO
do

período de factura

01/11/16 - 30/11/16

1 de 3

base imponible IVE(21%)	24,79 €
IVE(21%)	5,21 €
subtotal telecomunicacións	22,00 €
subtotal financiación de equipos	8,00 €
total factura con IVE	30,00 €

datos bancarios


titular GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAR
 para ser pagado a partir do 01/12/16
 banco ou caixa CAIXA R. GALEGA, S.C.C.L.G.
 número de conta ES41 **** * 9726

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA

AVD PORTO DA CORUÑA N 2 OF BJ
 15003 A CORUÑA
 A CORUÑA

importe a pagar**30,00 euros**

000411_161202

R**nova oferta comercial**

a partir do 22 de decembro terás disponibles novas combos e tarifas de **móbilR** con estas vantaxes:

- **máis minutos de chamadas a móbiles** dende o fixo (4.000 minutos)
- **opelóns máis económicas de combo + móbilR**
- **novas tarifas de móbilR:**
 - o **plana 10:** illimitadas + 2 GB + wifi ilimitadas **R** por 14,88 €/mes (18 IVA Incl.)
 - o **plana 15:** 200 minutos + 2 GB + wifi ilimitadas **R** por 12,40 €/mes (15 IVA Incl.)


dende o 22 de decembro todas as combos negocio (internet, despregue, nepocho mini), teléfono R, televisión R e as cotas dos liñas de móbilR (menos a tarifa R) soben 0,02 €/mes (1 €/mes IVE Incl.) excepto a tarifa plana 30, que sobe 1,65 €/mes (2 €/mes IVE Incl.) • mensaxes de texto: 10,03 cent €/SMS (24 cent €/IVE Incl.) • prezos oficiais en tarifas.mundo-r.com

e lembra que os móbiles xa empezan tamén por 7; máis información en numeracion7.mundo-r.com

fala-con-R@mundo-R.net
 mundo-R.com
 1446

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA

número de factura RGE00005893180
 referencia de mandato 0301100059
 NIF/CIF V70462486
 data de emisión 01/12/16



0000690

Oficina de Atención ao Usuario de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio 901.33.66.99* www.usuariosteleco.es.
 Instituto Nacional de Consumo www.consumo-inc.es. Atención ao cidadán do Ministerio de Sanidade e Consumo 901.400.100*. Podes consultar as tarifas en tarifas.mundo-r.com
 *prezo máximo dende rede fixa R:establecemento 18,15 cent € e 4,84 cent € por min; prezo dende rede móbil R:establecemento 31,29 cent € e 31,46 cent € por min.

Pásate á nova factura electrónica, máis áxil e ecolóxica. Solicítas gratis en factura.mundo-R.com

604055114	tarifa plana 22 móvil 4G			18,18 €
minutos ilimitados. 60 min por chamada 3GB datos 4G				
consumos opcións e descontos				6,61 €
604055114		cantidad	duración	
chamadas a fixos e móbiles		15	82:37	0,00
internet móvil		1.405,83 MB		0,00
LG K10 - 356600075764602		1		6,61
total				24,79 €





**ADEUDO POR
DOMICILIACIONES SEPA**

OFICINA	TELÉFONO	FECHA
A CORUÑA	981206517	13-12-2016

Titulares de la Cuenta

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA

CÓDIGO CUENTA CLIENTE (CCC)

Entidad	Oficina	DC	Núm. de Cuenta	IBAN: ES4130700044506154889726
3070	0044	50	6154889726	

Estimado cliente:

Adeudamos en su cuenta el apunte detallado.

ID. EMISOR:	ES28022A15474281		
BIC ACREEDOR:	CAGLESMMXXX	ENTIDAD BIC :	2080
NOMBRE EMISOR:	R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, SA		
TITULAR:	GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAR		
REF. ORDEN DOM.:	0000000000000000000000000301100059		
CONCEPTO:	RECRGE00005893180		
Nº RECIBO:	6348501189	SECUENCIA ADEUDO:	PERIODICO
MODALIDAD:	BASICO	FECHA FIRMA ORDEN:	01-10-2016
FECHA VALOR:	13-12-2016		
IMPORTE:	30,00	GTOS. CORREO:	IMPUESTOS:
COMISIÓN:			
COMIS. TRATAMIENTO MANUAL:			
IMPTO. TRATAMIENTO MANUAL:			
TOTAL ADEUDADO:	30,00		



FACTURA:	V 1601973	FECHA:	01/12/16
CLIENTE:	43003901	N.I.F.	V70462486

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA**MAREA**

JUAN CASTRO MOSQUERA, 26 - PLANTA 1 - PUERTA D
15005 LA CORUÑA
LA CORUÑA

REFERENCIA	ARTICULO	CANTIDAD	PRECIO	DTO.	IMPORTE
C-990101000050	ALQUILER DE MATERIAL INFORMATICO	1.00	47.500		47.50

ALBARÁN V-2313 FECHA 01/12/16

- * PORTATIL ASUS GL552VW (s/n: GAN0CV08828341E) / MOCHILA / RATON USB
* MICROFONO SOLAPA
* MULTIFUNCION BROTHER MFC-J6720DW (s/n: E72387F6F129470)

SUMA DE IMPORTES	% DTO. P.P.	IMPORTE P.P.	BASE IMPONIBLE	% I.V.A.	IMPORTE I.V.A.	% R.E.	IMPORTE R.E.	TOTAL FACTURA €
47.50			47.50	21.00	9.98			57.48

Vencimientos: 10/12/16 57.48

Banco: CAIXA RURAL GALEGA
ES41 3070 0044 5061 54** ****

FORMA DE PAGO: RECIBO BANCARIO

PÁG. 1

QPRO TECNOLOGÍA INFORMÁTICA, S.L.

Casares Quiroga, 3 - 15008 LA CORUÑA Tifs. 981 169 059 - 981 154 555 - Fax 981 150 510

Registro Mercantil de La Coruña, Tomo 1334, Sección General, Folio 135, Hoja C-8927, Inscripción 7ª - C.I.F. B-15425804



**ADEUDO POR
DOMICILIACIONES SEPA**

Titulares de la Cuenta

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA

Estimado cliente:

Adeudamos en su cuenta el apunte detallado.

OFICINA	TELÉFONO	FECHA
A CORUÑA	981206517	12-12-2016
CÓDIGO CUENTA CLIENTE (CCC)		
Entidad	Oficina	DC
3070	0044	50
Núm. de Cuenta	IBAN: ES4130700044506154889726	
6154889726		

ID.EMISOR:	ES33000B15425804		
BIC ACREEDOR:	CAIXESBBXXX	ENTIDAD BIC :	2100
NOMBRE EMISOR:	QPRO TECNOLOGIA INFORMATICA, S.L.		
TITULAR:	GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA		
REF. ORDEN DOM.:	00000000000043003901		
CONCEPTO:			
Nº RECIBO:	6347500304	SECUENCIA ADEUDO:	PRIMERO
MODALIDAD:	BASICO	FECHA FIRMA ORDEN:	31-10-2009
FECHA VALOR:	12-12-2016		
IMPORTE:	57,48		
COMISIÓN:		GTOS. CORREO:	IMPUESTOS:
COMIS. TRATAMIENTO MANUAL:			
IMPTO. TRATAMIENTO MANUAL:			
TOTAL ADEUDADO:	57,48		



INFORME-MEMORIA SOBRE OS DESTINOS DA ASIGNACIÓN PROVINCIAL

En virtude da base 63º do orzamento da EXCMA. Deputación Provincial da Coruña, os grupos disporán dunha asignación económica proporcional ao seu número de deputadas e deputados. Dita base, ademáis de recoller os destinos para os que dita cantidade pode ser empregada, insta aos Grupos Políticos Provinciais a elaborar un informe-memoria sobre a utilización de ditos fondos.

A seguinte relación contén as cantidades, datas de transferencia e os destinos da asignación provincial do Grupo Político Provincial de Marea Atlántica a 19 de Decembro de 2.016.

PAGO 1

Data: 12 de Decembro de 2.016.

Beneficiaria/o: Q Pro, Tecnología Informática.

Cantidade: 57,48€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 206 conténse a categoría “Aluguer de equipos para procesos de información”. A dita partida foron asignados os gastos derivados do aluguer dun ordenador portátil que é utilizado para a realización de traballos comunicativos do grupo en horarios no que o espazo asignado non está ocupado.

PAGO 2

Data: 13 de decembro de 2.016.

Beneficiaria/o: R Cable y Telecomunicaciones Galicia. S.A.

Cantidade: 30€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 222 conténse a categoría “Comunicación. Todos os subconceptos”. A dita partida foron asignados os gastos derivados do teléfono móbil 604055114, número asignado ao Grupo Provincial de Marea Atlántica, como así recolle o espazo web asignado a tal grupo dentro páxina web da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e que é utilizado para o contacto co grupo en horarios no que o espazo asignado a tal grupo non está ocupado.



PAGO 3

Data: 21 de Decembro de 2.016.

Beneficiaria/o: Gráficas Mera S.L.

Cantidad: 1.276,85€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 226.06 conténse a categoría “Publicidade e propaganda”. A dita partida foron asignados os gastos derivados da impresión dunha publicación que recollía os eixos programáticos do Grupo Provincial da Marea Atlántica, así como as propostas deste grupo aos Orzamentos 2.017.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
REGISTRO XERAL
19 DEC 2016
ENTRADA n.º 4800F
DECRETO pase a 47

Ao ilmo sr Don Valentín González Formoso, Presidente da EXCMA Deputación Provincial da Coruña.

Ao servizo de Intervención Xeral.


Pola presente, eu, Don Daniel Díaz Grandío, en calidade de portavoz e responsábel de contabilidade do Grupo Provincial de Marea Atlántica, fago chegar o seguinte:

EXPÓN:

- Que a base 63º do Orzamento do exercicio 2.016 de título “Asignación aos grupos políticos provinciais” establece os termos en que os distintos grupos percibirán a súa asignación.
- Que a base 63, dentro do capítulo 6º, no apartado C, insta a ditos grupos a entregar un informe-memoria en que se describan as actividades e fins aos que foi destinada dita asignación.
- Que o pasado lúns 12 de Decembro de 2.016 o grupo presentou na oficina de rexistro da EXCMA. Deputación Provincial da Coruña os correspondentes xustificantes de pago dos movementos da conta asignada a este grupo provincial.
- Que na presente aporta a descripción das actividades ás que foron destinadas ditas cantidades.

SOLICITA:

- Que este informe-memoria sexa tido en conta.



Daniel Díaz Grandío
Portavoz do GP de Marea Atlántica
A Coruña , a 19 de Decemebro de 2016



INFORME-MEMORIA SOBRE OS DESTINOS DA ASIGNACIÓN PROVINCIAL

En virtude da base 63ª do orzamento da EXCMA. Deputación Provincial da Coruña, os grupos disporán dunha asignación económica proporcional ao seu número de deputadas e deputados. Dita base, ademais de recoller os destinos para os que dita cantidade pode ser empregada, insta aos Grupos Políticos Provinciais a elaborar un informe-memoria sobre a utilización de ditos fondos.

A seguinte relación contén as cantidades, datas de transferencia e os destinos da asignación provincial do Grupo Político Provincial de Marea Atlántica a 19 de Decembro de 2.016.

PAGO 1

Data: 5 de Xullo de 2.016.

Beneficiaria/o: Sellos de caucho Tino y Mary S.L.

Cantidade: 28,03€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 220.00 conténse a categoría “Material de escritorio común non inventariable”. Con dita partida foi adquirido un sello de caucho co lema “GRUPO PROVINCIAL DE MAREA ATLÁNTICA”, que contén o logo do partido MAREA ATLÁNTICA e é empregado a modo de sinatura de convocatorias en ausencia das deputadas e o deputado eleito.

PAGO 2

Data: 9 de Setembro de 2.016.

Beneficiaria/o: Daniel Díaz Grandío.

Cantidade: 92,85€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 223 conténse a categoría “Transportes”. Con dita partida foron devoltos ao deputado Daniel Díaz Grandío, ao que acude en calidade de Portavoz do Grupo Provincial de Marea Atlántica, os gastos de transporte derivados da súa viaxe a un encontro con membros doutras entidades locais a respecto da lexislación vixente sobre ditas administracións.



PAGO 3

Data: 21 de Setembro de 2.016.

Beneficiaria/o: María Tereixa Ledo Regal, en calidade de autónoma.

Cantidade: 493,30€

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 227,29 conténse a categoría “Outros traballos profesionais”. A dita partida foron asignados os gastos derivados da contratación de María Tereixa Ledo Regal, escritora e experta en Estudos de Xénero, para un obradoiro de formación en liderados e formación en políticas e linguaxe de xénero para as deputadas e o deputado do Grupo Provincial de Marea Atlántica.

PAGO 4

Data: 14 de Outubro de 2.016.

Beneficiaria/o: R Cable y Telecomunicaciones Galicia. S.A.

Cantidade: 27,21€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 222 conténse a categoría “Comunicación. Todos os subconceptos”. A dita partida foron asignados os gastos derivados do teléfono móbil 604055114, número asignado ao Grupo Provincial de Marea Atlántica, como así recolle o espazo web asignado a tal grupo dentro páxina web da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e que é utilizado para o contacto co grupo en horarios no que o espazo asignado a tal grupo non está ocupado.

PAGO 5

Data: 19 de Outubro de 2.016.

Beneficiaria/o: Axencia Tributaria.

Cantidade: 87€.

Motivación: Derivado do pago nº3 a María Tereixa Ledo Regal, abónase na Axencia Tributaria o pago correspondente pola facturación de dito traballo.



PAGO 6

Data: 11 de Novembro de 2.016.

Beneficiaria/o: R Cable y Telecomunicaciones Galicia. S.A.

Cantidad: ~~27,21€.~~ 30,30 €

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 222 conténse a categoría “Comunicación. Todos os subconceptos”. A dita partida foron asignados os gastos derivados do teléfono móbil 604055114, número asignado ao Grupo Provincial de Marea Atlántica, como así recolle o espazo web asignado a tal grupo dentro páxina web da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e que é utilizado para o contacto co grupo en horarios no que o espazo asignado a tal grupo non está ocupado.

PAGO 7

Data: 9 de Decembro de 2.016.

Beneficiaria/o: Gráficas Mera S.L.

Cantidad: 1.276,85€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 226.06 conténse a categoría “Publicidade e propaganda”. A dita partida foron asignados os gastos derivados da impresión dunha publicación que recollía os eixos programáticos do Grupo Provincial da Marea Atlántica, así como as propostas deste grupo aos Orzamentos 2.017.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA
REGISTRO XERAL

13 DEC 2016

ENTRADA n.º 42988
DECRETO pase a 27

Ao ilmo sr Don Valentín González Formoso, Presidente da EXCMA Deputación Provincial da Coruña.

Ao Servizo de Intervención Xeral da EXCMA Deputación Provincial da Coruña.

Pola presente, eu, Don Daniel Díaz Grandío, en calidade de portavoz do Grupo Provincial de Marea Atlántica.

EXPOÑO:

- Que a Base 63º do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña de título 'Asignación aos grupos políticos provinciais' obriga á xustificación anual dos movementos feitos en base a dita asignación.
- Que o Grupo Provincial da Marea Atlántica rexistrou o pasado 12 de Decembro de 2.016, excepto o xustificante de pago das retencións relativas á actividade facturada a dona María Tareixa Ledo Regal realizada o 21 de Setembro de 2.016. O abono de dita retención, e que figura en adxunto a esta solicitude foi realizado o 19 de Outubro de 2.016.

SOLICITA:

- Dita documentación sexa tida en conta.

DIPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA Registro de INTERVENCIÓN	
N.º 38368	
ENTRADA	SALIDA
14 DIC. 2016	


Daniel Díaz Grandío
Portavoz do Grupo Provincial da Marea Atlántica
A Coruña, 12 de Decembro de 2.016.

Declarante (1)



Devengo (2)

Ejercicio ... 2016

Periodo 3T



Número de justificante: 1127430234472

NIF

Apellidos y nombre o razón social

GRUPO POLITICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA

Liquidación (3)

I. Rendimientos del trabajo

Rendimientos dinerarios	N.º de perceptores 01	Importe de las percepciones 02	Importe de las retenciones 03
Rendimientos en especie	N.º de perceptores 04	Valor percepciones en especie 05	Importe de los ingresos a cuenta 06

II. Rendimientos de actividades económicas

Rendimientos dinerarios	N.º de perceptores 07	Importe de las percepciones 08	Importe de las retenciones 09
Rendimientos en especie	N.º de perceptores 10	Valor percepciones en especie 11	Importe de los ingresos a cuenta 12

III. Premios por la participación en juegos, concursos, rifas o combinaciones aleatorias

Premios en metálico	N.º de perceptores 13	Importe de las percepciones 14	Importe de las retenciones 15
Premios en especie	N.º de perceptores 16	Valor percepciones en especie 17	Importe de los ingresos a cuenta 18

IV. Ganancias patrimoniales derivadas de los aprovechamientos forestales de los vecinos en montes públicos

Percepciones dinerarias	N.º de perceptores 19	Importe de las percepciones 20	Importe de las retenciones 21
Percepciones en especie	N.º de perceptores 22	Valor percepciones en especie 23	Importe de los ingresos a cuenta 24

V. Contraprestaciones por la cesión de derechos de imagen: ingresos a cuenta previstos en el artículo 92.8 de la Ley del Impuesto

Contraprestaciones dinerarias o en especie	N.º de perceptores 25	Contraprestaciones satisfechas 26	Importe de los ingresos a cuenta 27
--	--------------------------	--------------------------------------	--

Total liquidación:

Suma de retenciones e ingresos a cuenta (03 + 06 + 09 + 12 + 15 + 18 + 21 + 24 + 27)	28	87,00
A deducir (exclusivamente en caso de autoliquidación complementaria):		
Resultados a ingresar de anteriores autoliquidaciones por el mismo concepto, ejercicio y período	29	
Resultado a ingresar (28 - 29)	30	87,00

Ingreso (4)

Ingreso efectuado a favor del Tesoro público. Cuenta restringida de colaboración en la recaudación de la AEAT de declaraciones-liquidaciones o autoliquidaciones.

Importe del ingreso 1 87,00
(casilla 30)

Forma de pago: ADEUDO EN CUENTA

Código IBAN

ES41 3070 0044 5061 5488 9726

Negativa (5)

☐ Autoliquidación negativa

Complementaria (6)

Si esta autoliquidación es complementaria de otra autoliquidación anterior correspondiente al mismo concepto, ejercicio y período, indíquelo marcando con una "X" esta casilla.

☐ Autoliquidación complementaria

En este caso, consigne a continuación el número de justificante identificativo de la autoliquidación anterior.

Nº de justificante:

Firma (7)

Firma:

[Firma manuscrita]

6 de mayo de 2016



INFORME-MEMORIA SOBRE OS DESTINOS DA ASIGNACIÓN PROVINCIAL

En virtude da base 63ª do orzamento da EXCMA. Deputación Provincial da Coruña, os grupos disporán dunha asignación económica proporcional ao seu número de deputadas e deputados. Dita base, ademais de recoller os destinos para os que dita cantidade pode ser empregada, insta aos Grupos Políticos Provinciais a elaborar un informe-memoria sobre a utilización de ditos fondos.

A seguinte relación contén as cantidades, datas de transferencia e os destinos da asignación provincial do Grupo Político Provincial de Marea Atlántica a 23 de Decembro de 2016.

PAGO 1*

Data: 21 de Decembro de 2016.

Beneficiaria/o: Gráficas Mera S.L.

Cantidade: 1.276,85€.

Motivación: Dentro da clase de gasto de código 226.06 conténse a categoría “Publicidade e propaganda”. A dita partida foron asignados os gastos derivados da impresión dunha publicación que recollía iniciativas políticas levadas a cabo, entre outros, polo Grupo Provincial de Marea Atlántica. Dita publicación recolle tanto iniciativas plenarias, como mocións proposicións ao goberno da Deputación da Coruña e a outros.

**Nota: este pago substitúe ao rexistrado o día 20 de Decembro de 2016 e que contiña defectos de forma na memoria de xustificación.*

Tras as cifras, a cidade

Nesta pequena publicación, podes atopar as liñas básicas que o goberno da Marea Atlántica quere introducir nos Orzamentos municipais de 2017. Non é un simple listado de promesas, cifras e letras. **Son as bases dun modelo de cidade**, do proxecto que queremos desenvolver nos últimos dous anos e medio de mandato, para facer da Coruña un lugar mellor para vivir, onde as persoas teñan cubertas as súas necesidades fundamentais.

Seis son os eixos desta proposta de contas públicas: A **vivenda**, para axudar a que o dereito a un teito non sexa só unha frase baleira na Constitución; o coidado do **espazo público**, para recuperar o que é de todas; a mellora da mobilidade para que o coche non sexa o único xeito de chegar a algures; o fomento do **emprego** de calidade e dun modelo económico baseado na cooperación, onde os cartos non teñan máis valor que as persoas; a creación da **Área Metropolitana**, porque A Coruña xa hai anos que non cabe nas fronteiras dun só concello;

e, por suposto, o reforzo das **políticas sociais**, para tenderlle a man a todos os dereitos que garanten unha vida digna.

Estes son os proxectos que o goberno municipal está a negociar coa oposición nestes días. **Nacen como unha resposta ás necesidades da cidade e da veciñanza**, recollidas en distintos espazos de participación, e da vontade política de traballar desde o Concello da Coruña para a **maioría social**, levando ata o límite as competencias municipais.

Ademáis, desde o Grupo Provincial de Marea Atlántica demandamos un maior e mellor investimento por parte da Deputación na cidade.

A aprobación do recente Plan Único é algo que entendemos positivo como modelo de proceder institucional, pero que entendemos restrictivo para as cidades como a nosa.



Editado polo Grupo Provincial
da Marea Atlántica na
Deputación da Coruña

Avenida do Porto, 2
15.003 - A Coruña
Tlf: 981080638 - 604055114



AGULLA DE MAREAR

Resumo do ano

O que non che contaron do 2016





Contra o modelo urbanístico depredador que imperou moitos anos nesta cidade, o goberno da Marea Atlántica aposta pola vivenda como dereito.

- **Vivenda pública.** O goberno municipal quere aumentar o seu parque de vivenda pública, coa adquisición de solares e edificios abandonados, para poñelos a disposición de quen os precisa. Investiranse **2,5 millóns de €** nun programa para adquirir novos inmobles e para rehabilitar as vivendas que xa posúe o Concello.
- **Vivenda social.** Poranse en marcha varios programas de aloxamento temporal para colectivos vulnerables: vítimas das violencias machistas, familias desafuzadas, persoas refuxiadas... Tamén se destinarán varios pisos ao **alugueiro social**: prezos mínimos para potenciar o mercado do alugueiro na nosa cidade, coa porta aberta á mocidade e a diversos colectivos vulnerables (**380.000 €**)
- **Vivenda de calidade.** Aumentan considerablemente as subvencións para a rehabilitación de vivendas habituais, mellorando o seu estado de conservación, illamento e eficiencia enerxética (**1,2 millóns, +55%**) e para a instalación de ascensores que as fagan accesibles (**1,45 millóns, +21%**).



2º eixo coidar do espazo público

Os espazos públicos, os que son de todos e todas nós, definen a cidade. Apostamos por coidalos, para ter unha Coruña máis humana.

- **Coidado das rúas:** Con actuacións de baixo custo e alto impacto: **3,2 millóns na mellora das beirarrúas**, facéndoas máis accesibles. Outros **1,5 millóns** para amañar o pavimento e as calzadas. E **550.000 €** para coidar das áreas de xogos infantís e equipamentos biosaudables. En todos estes eidos, melloráronse os contratos para que o traballo non consista só en tapar fochas, senón en amañar as rúas por completo. A maiores, destínanse **3,2 millóns** para obras de urbanización.
- **Colexios públicos.** Continúa o compromiso coa reparación e mantemento dos centros de educación pública, con máis de **700.000 €**. Onde a Xunta non chegue, estará o Concello, apostando polo ensino para todas.
- **Espazos verdes:** Outros talaban árbores. O goberno da Marea Atlántica quere volver plantalos, cun programa de expansión do arborado (180.000€) que nos faga unha cidade máis amable, e nos permita loitar contra o cambio climático. Tamén avanzaremos na eliminación das especies invasoras e renovaremos o contrato de mantemento de Parques e Xardíns cunha xestión máis ecolóxica. (**5 millóns**) Ademáis, grazas ao noso traballo na Deputación, o Plan Provincial de Medio Ambiente aportará á achegará un total de **38.000 €**, destinados á planificación e instalación de arborado na cidade.
- **Xestión de residuos:** En 2017 renovarase o contrato para de recollida de lixo, cunha nova xestión para buscar a corresponsabilidade dunha cidadanía sensibilizada (máis de 10 millóns €).



A Coruña, pola súa xeografía, require un coidado planeamento da mobilidade, para resolver os problemas que levan décadas arrastrándose.

- **Posta ao día das liñas de bus urbano.** O mapa do transporte público na Coruña foi debuxado nos anos oitenta. Pouco cambiaron as rutas desde entón, e moito a cidade. Para que o bus urbano sexa unha alternativa, apostarase por traxectos máis curtos, con buses que pasen cada cinco ou seis minutos, e con trasbordos para os percorridos máis longos. (500.000 €)
- **Espazo para as bicis:** En 2017, o goberno municipal quere crear un carril bici urbano, un proxecto de **máis dun millón de €**, coa axuda da Deputación, para que sexa máis rápido e seguro moverse en dúas rodas e sen motor. Tamén se reforzará o servizo de Bicicoruña, con novas estacións e bicicletas (60.000 €).
- **Melloras na estación de autobuses.** Ao fío da mellora do transporte público urbano, coidarase tamén da infraestrutura que conecta a cidade coa comarca, o país e o resto do Estado. Investiranse **130.000 €** en acomodar a estación de autobuses ás necesidades dos usuarios, con novas pantallas de información e consignas automáticas.
- **Participación cidadá.** Para garantir que o que se faga en mobilidade atenda ás necesidades da cidadanía, porase en marcha un proceso participativo, aberto e inclusivo, para que as coruñesas e coruñeses poidan facer valer a súa voz (140.000 €).



4º eixo economía para as persoas

Unha economía centrada nas persoas require dun xiro para facilitar a inclusión, os dereitos laborais e os coidados da vida. Hai alternativas para un novo modelo económico.

- **Emprego.** 2017 será o ano para impulsar o Plan de Emprego do goberno municipal, consensuado coas asociacións e colectivos da cidade. Está dotado con case **700.000 €**, un 20% máis que o ano pasado. Existen, ademais, dous plans específicos, dirixidos ás mulleres e á mocidade.
 - e reparar os seus desperfectos. Ademais, continuarase sacando a concurso os postos baleiros, como unha achega ao emprego de calidade na cidade da Coruña.
- **Outras formas de facer.** O proxecto do goberno da Marea Atlántica procura reforzar outras formas de relación económica. Traballarase pola redución da pegada de carbono, o consumo responsable, e os proxectos sostibles.
- **Innovación democrática.** O cambio de modelo tamén pasa pola participación cidadá. A través de iniciativas como o Co-Lab, un proxecto de innovación social para facer unha cidade máis igualitaria, deixarase espazo para que a xente tome a iniciativa e marque o rumbo da Coruña. (169.000 €)
- **Comercio.** O pequeno comercio é un dos motores da cidade. Resérvanse **630.000 €** para dinamizalo con distintas campañas: Samaín, Nadal, Mercadiños...
- **Turismo:** As demandas do Grupo Provincial suman á nosa política de fomento de Turismo na cidade un total de **218.000€**, grazas á colaboración da Deputación noo Fórum Gastronómico 2017.
- **Mercados.** Os mercados municipais son unha prioridade. Nesta proposta de orzamentos hai **1,6 millóns de €** para melloralos



A Coruña non remata na Ponte da Pasaxe. Hai políticas e proxectos que non caben nun só concello. É hora de impulsar a Área Metropolitana tras 30 anos de parálise.

- **Impulso da Área Metropolitana.** En 2017 hai que deixar claro o modelo que queremos para os próximos 50 anos na comarca da Coruña. Desde o consenso e a cooperación, traballárase para levar este ano ao Parlamento de Galicia un proxecto de **Lei da Área Metropolitana**.
- **Repensar Nostián.** Audítaremos a planta para ver de adaptala a novas estratexias de Residuo Cero. Desenvolveranse un plan metropolitano para a recollida e tratamento do lixo, para analizar a viabilidade ao longo prazo da planta, e modelos de xestión dalgúns residuos máis descentralizados coa área metropolitana (**100.000€**).
- **Ría do Burgo, o corredor verde que une a comarca.** Eliminación de todos os vertidos á Ría do Burgo. Na Coruña xa se arraxaron mais da metade das verteduras en 2016, pero é necesario localizar e solucionar os casos en toda a comarca. Precisamos activar tamén un servizo de inspección constante que nos dea alerta temperá ante roturas ou fallos na rede (**+250.000 € en total**).
- **Participación.** A plataforma de A Porta Aberta poñerase a disposición dos Concellos da Área Metropolitana, xunto con todos os programas de participación e innovación democrática do Concello da Coruña. A través da Deputación promoveremos unha liña de axudas para que outras localidades poidan gozar destes programas
- **Observatorio de Igualdade e Diversidade.** Un recurso para a identificar situacións de desigualdade na Coruña e na comarca.



6º eixo dereito a unha vida digna

Primeiro as persoas, a atención ás necesidades e dereitos básicas para construímos en igualdade e solidariedade colectiva.

- **Renda Social Municipal.** Tras os primeiros meses de implantación, en 2017 desenvolverase plenamente esta axuda para rescatar as persoas ao borde da exclusión (**2 millóns €**).
- **Xustiza Social.** Creación dun local de baixa esixencia para as persoas sen teito (**250.000 €**). Aumento das bolsas-comedor (**900.000 €, +20%**)
- **Conciliación.** Amplíanse os servizo de axuda a domicilio (**6,8 millóns, +20%**) e de canguraxe (**280.000 €**). A continuidade deste programa aumentou grazas as emendas introducidas polo Grupo Provincial da Marea Atlántica aos Orzamentos da Deputación para o 2017.
- **A Coruña libre de violencias machistas.** Por unha cidade sen agresións (**170.000 €**), e cunha sólida Rede de Acolida.
- **A Coruña, cidade refuxio.** Un proxecto de máis de **150.000 €** para acoller ás refuxiadas e migradas.
- **Inclusión da diversidade.** Plan para a atención á diversidade sexual e ás identidades de xénero, unha riqueza para coidar que temos que coidar.
- **Orzamentos Participativos.** Un **millón de €** en proxectos escollidos pola veciñanza
- **Apoio á cultura local.** Plan para botarlle unha man ás artistas da cidade, festivais, salas e centros culturais, asociacións veciñais, entidades deportivas... (**930.000 €**).
- **Deporte na rúa.** Actividades no espazo público a través do plan Coruña en Forma (**50.000 €**). Reparación dos equipamentos deportivos ao aire libre (**100.000 €**).
- **Consortio para a Promoción da Música.** Desde o noso traballo na Deputación conseguimos que esta manteña a súa aportación de **1.500.000 €** anuais que permitirán continuar coa programación actual.

INTERVENCION XERAL

Asunto: Primeira e única xustificación da asignación provincial do exercicio 2016 aos Grupos Políticos Provinciais do Grupo político provincial MAREA ATLÁNTICA.

INFORME

I.- CONSIDERACIÓNS PREVIAS.

O presente informe emítese en exercicio da función de fiscalización a que se refire o artigo 92.3.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Real decreto 1.174/1987, do 8 de setembro, e demais normas concordantes.

Ao propio tempo ten por obxecto dar cumprimento ao establecido na Base 33 e na regra 15ª da Base 63 de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2016.

II.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Os grupos políticos das corporacións locais están regulados nas seguintes normas:

- O artigo 73 da Lei reguladora das bases de réxime local
- Os artigos 23 a 29 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro.
- Os artigos 74 a 79 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia refírense aos Grupos Políticos Municipais, sen que nesta norma se recolla ningún precepto específico sobre os Grupos Políticos Provinciais.
- Os artigos 22 a 28 do Regulamento orgánico da Deputación provincial da Coruña, aprobado en sesión do 3 de febreiro de 1989
- A Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento de partidos políticos.
- A Lei 9/2015, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas, de Galicia.

Ao propio tempo hai que significar que o artigo 4 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, exclúe do seu ámbito de aplicación obxectivo estas asignacións. Sí resulta de aplicación en cambio, a normativa reguladora do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

Na Deputación provincial da Coruña desenvólvese o réxime xurídico de aplicación a través da Base 63 de Execución do Orzamento Provincial do exercicio 2016.

III.- ANTECEDENTES.

Ao abeiro da previsión contida no artigo 73.3 da LRBRL e en aplicación do disposto na Base 63 de Execución do Orzamento Provincial, o presidente da Corporación ditou a Resolución número 3.050, do 5 de febreiro de 2016, na que, entre outros puntos, se ordenaba o pago de 4.350,00€ a favor do Grupo Político Provincial MAREA ATLÁNTICA, NIF: V70462486, para o seu ingreso na conta bancaria establecida expresamente para este fin.

Preséntanse seis escritos do Portavoz de Grupo provincial Marea Atlánticas datados con rexistro de entrada na Intervención o día 12/12/2016 co nº 38197, o día 14/12/2016 co nº 38368, o día 20/12/2016 co nº 38956, o día 22/12/2016 co nº 39225 e o día 26/12/2016 dous escritos co nº 39551, aos que se achega o estado de movementos da conta bancaria destinada a xestión da asignación provincial ara atender aos gastos de funcionamento do Grupo, que recollen os realizados entre o 19/02/2016 e o 21/12/2016, xunto coa documentación acreditativa dos gastos e pagos efectuados no período citado.

IV.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

A documentación presentada require as seguintes consideracións:

1. O extracto bancario achegado recolle a totalidade do movemento da conta en que se efectuou o ingreso da asignación provincial, no período comprendido entre o 19 de febreiro de 2016 e o 21 de decembro de 2016
2. O importe total dos gastos efectuados e acreditados documentalmente ascenden a 3.399,77 € e corresponden aos seguintes conceptos:

CONCEPTO	IMPORTE	% S/ total
Material de escritorio (28,03 + 57,48)	85,51	0,51
Transportes	92,85	0,55
Outros traballos profesionais (493,30+87,00)	580,30	3,43
Comunicacións (27,21+30,30+30,00)	87,51	0,52
Publicidade (1.276,85 + 1.276,85)	2.553,70	15,12
TOTAL GASTOS	3.399,87	

3. Todos os pagos realizados foron efectuados a través de movementos bancarios e están xustificados coa documentación requirida: facturas expedidas ao Grupo provincial e acreditación de que se refiren a encomendas do Grupo político provincial Marea Atlántica.

Non se toma en consideración a factura expedida por Esdega, S.L. por importe de 13.491,50 € por indicación do responsable da contabilidade do Grupo.

4. Á vista da importancia relativa dos gastos xustificados en publicidade parece conveniente que o Pleno da Corporación determine criterios obxectivos que permitan deslindar qué gastos en publicidade poden ser considerados como actividade corporativa dos Grupos Políticos, xa que en ocasións é difícil distinguir a publicidade da actuación de Grupo Provincial da publicidade do partido político.
5. O importe total asignado ao Grupo Provincial e de 17.400,00€ e o importe dos gastos xustificados no exercicio 2016 ascenden a 3.399,87 €

V.- CONCLUSIÓN.

De conformidade co exposto fiscalízase de conformidade a documentación xustificativa presentada polos gastos e pagos acreditados no período do 19/02/2016 a 22/12/2016, polo Grupo Político Provincial MAREA ATLÁNTICA, NIF: V70462486 que ascende ao importe total de 3.399,87 €, ao cumprir formalmente todos os requisitos esixidos.

O resumo final da actividade realizada responde ao seguinte detalle:


I.	Importe anual da asignación	17.400,00 €
II.	Importe total abonado	4.350,00 €
III.	Importe total xustificado	3.399,87 €
IV.	Total a reintegrar (III – II)	950,13 €
V.	Economía (I – III)	14.000,13 €

Polo tanto procede solicitar do Grupo provincial Marea Atlántica (NIF V 70462486) que reintegre o importe librado “a xustificar” e non aplicado a súa finalidade no exercicio 2016 polo importe de 950,13 €, que deberá ingresar na conta operativa que a Deputación ten aberta na entidade ABANCA co IBAN ES49 2080 0000 7131 1000 0010, NIF P-1500000. O importe referido deberá repoñer crédito na partida orzamentaria 2016/00.00/912.02/480.

No mes de xaneiro de 2017, unha vez entre en vigor o orzamento provincial do exercicio 2017, librarase o importe da asignación correspondente ao primeiro trimestre do dito exercicio, co carácter de “pago a xustificar” na coantía e condicións establecidas na Base 63 do exercicio orzamentario

A Coruña, 29 de decembro de 2016

O interventor adxunto





**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

PRESIDENCIA

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A PRIMEIRA E ÚNICA XUSTIFICACIÓN
DA ASIGNACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016 A OS GRUPOS POLÍTICOS
PROVINCIAIS DO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL MAREA ATLANTICA.**

Don VALENTIN GONZALEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

De conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local e na base 63 de Execución do Orzamento Provincial para o exercicio 2016 determinouse unha asignación ao Grupo Político MAREA ATLANTICA para o ano 2016, dun importe anual de 17.400,00€.

A través da Resolución da Presidencia número 3.050, do 05/02/2016, ordenouse o libramento a favor do Grupo Político Provincial MAREA ATLANTICA por importe trimestral atribuído, 4.350,00€ co carácter de “pago a xustificar”.

Preséntanse seis escritos do Portavoz de Grupo Provincial Marea Atlántica Don Daniel Díaz Grandío con rexistro de entrada na Intervención o día 12/12/2016 co nº 38197, o día 14/12/2016 co nº 38368, o día 20/12/2016 co nº 38956, o día 22/12/2016 co nº 39225 e o día 26/12/2016 dous escritos co nº 39551, aos que acompaña o estado de movementos da conta bancaria destinada a xestión da asignación provincial Para atender aos gastos de funcionamento do Grupo, que recollen os realizados entre o 19/02/2016 e o 21/12/2016, xunto coa documentación acreditativa dos gastos e pagos efectuados no período citado.

Ao respecto emitíuse o preceptivo informe da Intervención Provincial, con data 28/12/2016.

En virtude dos antecedentes expostos, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 3.399,87€ a que ascende a documentación presentada.

En consecuencia, o resumen final da actividade realizada responde o seguinte detalle:

I.	Importe anual da asignación	17.400,00 €
II.	Importe total abonado	4.350,00 €
III.	Importe total xustificado	3.399,87 €
IV.	Total a reintegrar (III – II)	950,13 €
V.	Economía (I – III)	14.000,13 €

SEGUNDO.- Solicitar do Grupo Provincial Marea Atlántica (NIF V 70462486) que reintegre o importe librado “a xustificar” e non aplicado a súa finalidade no exercicio 2016 polo importe de 952,13 €, que deberá ingresar na conta operativa que a Deputación ten aberta na entidade ABANCA co IBAN ES49 2080 0000 7131 1000 0010, NIF P-1500000. O importe referido deberá repoñer crédito na partida orzamentaria 2016/00.00/912.02/480.

TERCEIRO.- Acreditar unha economía na asignación provincial anual recollida na Base 63 de execución do orzamento a favor do Grupo Político Provincial Marea Atlántica por un importe de 14.000,13 €

CUARTO.- A documentación xustificativa dos pagos efectuados aos Grupos Políticos Provinciais e a relativa á súa tramitación publicárase no Portal da Transparencia da Deputación.

QUINTO: No mes de xaneiro de 2017, unha vez entre en vigor o orzamento provincial do exercicio 2017, librarase o importe da asignación correspondente ao primeiro trimestre do dito exercicio, con carácter de “pago a xustificar” na coantía e condicións establecidas na Base 63 do exercicio orzamentario

SEXTO: Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos relacionados coa materia que constitúe o seu obxecto.